

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 12 DE MARZO DE 2024**

### **PRESIDENTE:**

O alcalde en funcións D. Juan González Leirós (Resolución da Alcaldía núm 268/2024, de data 7 de marzo)

### **ASISTENTES:**

D. Diego Alcantarilla Rei  
D.<sup>a</sup> María Dolores Pan Lesta  
D.<sup>a</sup> María Mercedes Prieto Lamas  
D. Daniel Mallo Castro  
D.<sup>a</sup> Patricia María Parceró Quiñoy  
D. David López Saborido

### **INTERVENTORA MUNICIPAL:**

D.<sup>a</sup> Lucía Mata Rodríguez

### **SECRETARIA XERAL:**

D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as nove horas do día doce de marzo de dous mil vinte e catro, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde en funcións D. Juan González Leirós (Resolución da Alcaldía núm 268/2024, de data 7 de marzo), e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Diego Alcantarilla Rei, D.<sup>a</sup> María Dolores Pan Lesta, D.<sup>a</sup> María Mercedes Prieto Lamas, D. Daniel Mallo Castro, D.<sup>a</sup> Patricia María Parceró Quiñoy e D. David López Saborido.

Asiste á sesión a interventora municipal, D.<sup>a</sup> Lucía Mata Rodríguez, e actúa como secretaria xeral, D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

## **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 5 DE MARZO DE 2024**

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 5 de marzo de 2024, da que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 5 de marzo de 2024.

## **2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA**

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Axencia Instituto Enerxético de Galicia, resolución do 27 de febreiro de 2024, pola que se modifica a Resolución do 5 de xuño de 2023 pola que se aproba a convocatoria para o ano 2023 do procedemento de concesión de axudas correspondentes ao Programa de incentivos para a implantación de instalacións de enerxías renovables térmicas en edificios non residenciais, establecementos e infraestruturas do sector público,

no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU (código de procedemento IN422O). DOG núm. 48, de 07-03-2024.

- Axencia Instituto Enerxético de Galicia, resolución do 27 de febreiro de 2024, pola que se modifica a Resolución do 28 de outubro de 2021, pola que se aproba a convocatoria do procedemento de concesión de axudas correspondentes aos programas de incentivos 4 e 5 vencellados ao autoconsumo e ao almacenamento no sector residencial, as administracións públicas e o terceiro sector no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU (códigos de procedemento IN422J e IN422K). DOG núm. 48, de 07-03-2024.

- Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional, Ministerio de Economía, Comercio e Empresa, resolución de 5 de marzo de 2024, pola que se actualiza o anexo 1 incluído na resolución de 4 de xullo de 2017, da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, pola que se define o principio de prudencia financeira aplicable ás operacións de endebedamento e derivados das comunidades autónomas e entidades locais. BOE núm. 60, de 08-03-2024.

- Secretaría Xeral da Igualdade, Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, resolución do 4 de marzo de 2024, pola que se publican os requirimentos de emenda de documentación das solicitudes presentadas ao abeiro da Resolución do 29 de novembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, parcialmente cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa FSE + Galicia 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (códigos de procedemento SI436A, SI435A e SI427B). DOG núm. 51, de 12-03-2024.

### **3.- PROPOSTAS**

#### **3.1.- PROPOSTA RELATIVA Á DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA PARA O LOTE 3 “SUBMINISTRACIÓN DE ELEMENTOS GRÁFICOS DE DIFUSIÓN, REALIZACIÓN DUNHA CAMPAÑA EN REDES SOCIAIS E CREACIÓN DUNHA WEB PARA O CONCURSO DE ESCAPARATES DE NADAL” INCLUÍDO NO EXPEDIENTE NÚM.2021/C005/000010 CORRESPONDENTE AO CONTRATO MIXTO DE SUBMINISTRACIÓNS E SERVIZOS PARA O DESENVOLVEMENTO DA CAMPAÑA DE DINAMIZACIÓN COMERCIAL DE NADAL 2021-22 DO CONCELLO DE CAMBRE”, EXP: 2021/C005/00010**

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior de data 5 de marzo de 2024 (CVD: kLHFVANamDITGiyGNZYb), que transcrita di:

#### **“PROPOSTA DA CONCELEIRA DELEGADA DE ECONOMIA, FACENDA E RÉXIME INTERIOR PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

Visto que con data 26.11.2021 a Xunta de Goberno local adoptou o acordo no que se adjudicou o “Lote 3– Subministración de elementos gráficos de difusión, realización dunha campaña en redes sociais e creación dunha Web para o Concurso de Escaparates de Nadal” incluído no expediente núm. 2021/C005/000010 correspondente ao contrato mixto de subministracións e servizos para o “Desenvolvemento da campaña de

*dinamización comercial de Nadal 2021-22 do Concello de Cambre*”, en favor da empresa “Narabeen Global Services, S.L.”, no prezo ofertado de 5.233,70 euros sen IVE, 6.332,77 euros IVE incluído.

Visto que no antedito expediente depositouse na tesourería municipal con data de 18 de novembro 2021 unha garantía definitiva constituída mediante seguro de caución número 2021/35890, correspondente á póliza aberta de seguro de caución nº 108279 da entidade, COMPAÑÍA ESPAÑOLA DE SEGUROS DE CRÉDITO A LA EXPORTACIÓN, S.A., de data 16 de novembro de 2021 por importe de 261,68 euros (núm. de rexistro 1037).

Vista a solicitude presentada por Don Carlos Leiros López, en representación da empresa Narabeen Global Services S.L, con data 29 de xaneiro de 2023 e nº de rexistro de entrada 202499900000544, na que solicita a devolución da fianza depositada para garantir a correcta execución do contrato.

Visto o informe asinado con data do 01.02.2024 (CVD: V3v5zO3ucjM2mKavtKNb) polo técnico en Promoción Económica José Luis González Cardalda, no que entre outras cousas sinala que:

“(…)

*Transcorridos o prazo de execución contemplado nos pregos de prescricións e de garantía do contrato correspondente ao lote nº 2 do contrato de referencia e realizadas satisfactoriamente a totalidade das prestacións obxecto de contratación, e considerando que o órgano competente para efectuar a devolución das garantías do presente contrato é a Xunta de Goberno Local, **PROPONSE**,*

**Primeiro.** *Aprobar á cancelación da garantía correspondente ao lote nº 3 “Subministración de elementos gráficos de difusión, realización dunha campaña en redes sociais e creación dunha Web para o Concurso de Escaparates de Nadal” do contrato das “Subministracións e servizos necesarios para o desenvolvemento da campaña de dinamización comercial do Nadal 2021 - 2022”, expediente número 2021/C005/000010, da empresa **Narabeen Global Services, S.L.**, por importe de 261,68 €, depositada co número de rexistro 1037 e data 18/11/2021 na Tesourería municipal (5% de 5.233,70 €) **en forma de certificado de seguro nº 2021/35890** correspondente á póliza aberta de seguro de caución nº 108279 da Compañía Española de Seguros de Crédito á Exportación, (Cesce), de data 16 de novembro de 2021.*

**Segundo.** *Dar conta aos servizos económicos municipais aos efectos oportunos.*

*O que se informa aos efectos sinalados en Cambre, na data da súa sinatura electrónica*

“(…)”

Visto o informe de intervención referencia LMR 33/2024 asinado con data do 21.02.2024 (CVD: Z/50aF41fqzVNDn1CE36), no que entre outras cousas sinala que:

“(…)”

### **III) CONSIDERACIONES**

**Primeira: Responsabilidades a que están afectas as garantías.**

O artigo 110 da LCSP dispón:

“La garantía definitiva únicamente responderá de los siguientes conceptos:

a) *De la obligación de formalizar el contrato en plazo, de conformidad con lo dispuesto en el artículo 153.*

- b) De las penalidades impuestas al contratista conforme al artículo 192 de la presente Ley.
- c) De la correcta ejecución de las prestaciones contempladas en el contrato incluidas las mejoras que ofertadas por el contratista hayan sido aceptadas por el órgano de contratación, de los gastos originados a la Administración por la demora del contratista en el cumplimiento de sus obligaciones, y de los daños y perjuicios ocasionados a la misma con motivo de la ejecución del contrato o por su incumplimiento, cuando no proceda su resolución.
- d) De la incautación que puede decretarse en los casos de resolución del contrato, de acuerdo con lo que en él o en esta Ley esté establecido.
- e) Además, en los contratos de obras, de servicios y de suministros, la garantía definitiva responderá de la inexistencia de vicios o defectos de los bienes construidos o suministrados o de los servicios prestados durante el plazo de garantía que se haya previsto en el contrato”

### **Segunda: O prazo de garantía**

O artigo 111.1 LCSP determina que: “La garantía no será devuelta o cancelada hasta que se haya producido el vencimiento del plazo de garantía y cumplido satisfactoriamente el contrato de que se trate, o hasta que se declare la resolución de este sin culpa del contratista”

A cláusula 27 das dos PCA dispón que:

#### **“27. Recepción y plazo de garantía.**

(.../...)

El contrato tendrá un plazo de garantía de un mes a partir de la fecha en que se efectúe el acto formal haciendo constar que se realizaron satisfactoriamente todos los trabajos correspondientes al objeto del lote del contrato.

Transcurrido dicho plazo sin que el Ayuntamiento formulase objeción alguna, quedará extinguida la responsabilidad del contratista.

Si durante el plazo de garantía se acreditara la existencia de vicios, defectos u omisiones en las obligaciones a su cargo o en los trabajos efectuados, el órgano de contratación tendrá derecho a reclamarle al contratista la recuperación del precio satisfecho.

Finalizado el plazo de garantía sin que la Administración hubiera formalizado alguno de los reparos o la denuncia referida, el contratista quedará exento de responsabilidad por la prestación efectuada.

Después de cumplido el objeto del contrato y prestada la conformidad por la Administración, se le dará curso a la cancelación de la garantía definitiva..”

### **Terceira: O informe asinado o 01.02.2024 (CVD: V3v5zO3ucjM2mKavtKNb) polo técnico en Promoción Económica.**

De conformidade có informe asinado o 01.02.2024 (CVD: V3v5zO3ucjM2mKavtKNb) polo técnico en Promoción Económica.:

“(.../...)Transcorridos o prazo de execución contemplado nos pregos de prescricións e de garantía do contrato correspondente ao lote nº 3 do contrato de referencia e realizadas satisfactoriamente a totalidade das

prestacións obxecto de contratación, e considerando que o órgano competente para efectuar a devolución das garantías do presente contrato é a Xunta de Goberno Local, **PROPONSE**,

**Primeiro.** Aprobar á cancelación da garantía correspondente ao lote nº 3 “Subministración de elementos gráficos de difusión, realización dunha campaña en redes sociais e creación dunha Web para o Concurso de Escaparates de Nadal” do contrato das “Subministracións e servizos necesarios para o desenvolvemento da campaña de dinamización comercial do Nadal 2021 - 2022”, expediente número 2021/C005/000010, da empresa **Narabeen Global Services, S.L.**, por importe de 261,68 €, depositada co número de rexistro 1037 e data 18/11/2021 na Tesourería municipal (5% de 5.233,70 €) **en forma de certificado de seguro nº 2021/35890** correspondente á póliza aberta de seguro de caución nº 108279 da Compañía Española de Seguros de Crédito á Exportación, (Cesce), de data 16 de novembro de 2021.. (.../...)

#### **Cuarta: Extremos obxecto de comprobación**

- ✓ O informe técnico é favorable á cancelación ou devolución, por transcorrer o prazo de garantía e realizarse a prestación a plena satisfacción.
- ✓ A garantía non está afecta o cumprimento das penalidades impostas ao contratista
- ✓ A garantía non está afecta o cumprimento de obrigacións derivadas do contrato, gastos orixinados á Administración por demora do contratista no cumprimento das súas obrigacións e dos danos e prexuízos ocasionados á mesma con motivo da execución do contrato ou no suposto de incumprimento do mesmo sen resolución
- ✓ A garantía non foi incautada por resolución do contrato
- ✓ Non constan ordes de embargo de autoridades xudiciais ou administrativas, sobre créditos pendentes

#### **IV) CONCLUSIONES**

Infórmase **favorablemente** a devolución de la garantía depositada mediante contrato de seguro de caución o 18.11.2021 por **NARABEEN GLOBAL SERVICES, S.L.** para garantir a execución do LOTE 3 “Subministración de elementos gráficos de difusión, realización dunha campaña en redes sociais e creación dunha Web para o Concurso de Escaparates de Nadal” do contrato das “Subministracións e servizos necesarios para o desenvolvemento da campaña de dinamización comercial do Nadal 2021 - 2022”, expediente número **2021/C005/000010**.

E para que conste e surta os efectos oportunos, expido e asino o presente informe en Cambre na data que figura na marxe.

A teor do establecido nos arts. 107-111 da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de contratos do sector Público, pola que traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1171/2023 do 4 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1072/2023, do 4 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:



**Primeiro:** Devolver a garantía constituída pola empresa adxudicataria “NARABEEN GLOBAL SERVICES, S.L.” para o Lote 3 “*Subministración de elementos gráficos de difusión, realización dunha campaña en redes sociais e creación dunha Web para o Concurso de Escaparates de Nadal*” incluído no expediente núm. 2021/C005/000010 correspondente ao contrato mixto de subministracións e servizos para o “*Desenvolvemento da campaña de dinamización comercial de Nadal 2021-22 do Concello de Cambre*”, Exp: 2021/C005/00010, polo importe de 261,68 euros.

**Segundo:** Notificar este acordo ao interesado e dar traslado do mesmo a Intervención e Tesourería municipais.

De conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior de data 5 de marzo de 2024 (CVD: kLHFVANamDITGiyGNYZb), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

### **3.2.- PROPOSTA RELATIVA Á DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA CONSTITUÍDA PARA O LOTE 3 “SERIGRAFÍA E SINALIZACIÓN” DO CONTRATO DAS “SERVIZOS E SUBMINISTRACIÓN PARA A MONTAXE DO EVENTO OPEN SCIENCE CAMBRE”, EXP: 2021/C005/00007**

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior de data 5 de marzo de 2024 (CVD: 1I5r8EA6SJYdlm8XYDzU), que transcrita di:

#### **“PROPOSTA DA CONCELEIRA DELEGADA DE ECONOMIA, FACENDA E RÉXIME INTERIOR PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

Visto que con data 09.09.2021 a Xunta de Goberno local adoptou o acordo no que se adxudicou o contrato mixto de servizos e subministración para a montaxe do evento “Open Science Cambre”, divididos en varios lotes, entre eles o Lote 3 “Serigrafía e sinalización” para o evento de referencia, a celebrar no Concello de Cambre nos anos 2021 e 2022, con opción de prórroga no ano 2023, á empresa Ovejero Sequeiro S.L. no prezo anual ofertado de 4.729,18 euros sen IVE ( 5.722,30 euros IVE incluído).

Visto que no antedito expediente depositouse unha fianza definitiva constituída mediante transferencia bancaria, de data 17 de agosto de 2021 por importe de 472,92 euros (nº. de rexistro 1023).

Vista a solicitude presentada por Don José Ignacio Ovejero Hernandez, en representación da empresa Ovejero Sequeiro S.L., con data 3 de xaneiro de 2024 e nº de rexistro de entrada 20249990000043, na que solicita a devolución da fianza depositada para garantir a correcta execución do contrato.

Visto o informe asinado con data do 26.01.2024 (CVD: 8vSEWrC5BvIQCUMEXDQZ) polo coordinador de actividades culturais e educativas José Luis Martínez Názara, no que entre outras cousas sinala que:

“(…)

*Visto que o contrato xa rematou e que a entidade adxudicataria cumpriu satisfactoriamente o seu cometido*

*Polo tanto, tendo transcorrido o prazo de garantía do servizo/subministración, e a teor do establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, o técnico informante, como responsable do contrato, fai constar:*

*1.- que non se formula ningunha obxexión, polo que pode considerarse extinguida a responsabilidade do contratista e levar a cabo a devolución da garantía definitiva constituída por importe de 472,92 euros*

“(…)”

Visto o informe de intervención referencia LMR 32/2024 asinado con data do 21.02.2024 (CVD: HU0o0NrvkIIPRoC8O8BM), no que entre outras cousas sinala que:

“(…)”

### **III) CONSIDERACIONES**

#### **Primeira: Responsabilidades a que están afectas as garantías.**

O artigo 110 da LCSP dispón:

*“La garantía definitiva únicamente responderá de los siguientes conceptos:*

- a) De la obligación de formalizar el contrato en plazo, de conformidad con lo dispuesto en el artículo 153.*
- b) De las penalidades impuestas al contratista conforme al artículo 192 de la presente Ley.*
- c) De la correcta ejecución de las prestaciones contempladas en el contrato incluidas las mejoras que ofertadas por el contratista hayan sido aceptadas por el órgano de contratación, de los gastos originados a la Administración por la demora del contratista en el cumplimiento de sus obligaciones, y de los daños y perjuicios ocasionados a la misma con motivo de la ejecución del contrato o por su incumplimiento, cuando no proceda su resolución.*
- d) De la incautación que puede decretarse en los casos de resolución del contrato, de acuerdo con lo que en él o en esta Ley esté establecido.*

e) Además, en los contratos de obras, de servicios y de suministros, la garantía definitiva responderá de la inexistencia de vicios o defectos de los bienes construidos o suministrados o de los servicios prestados durante el plazo de garantía que se haya previsto en el contrato”

### **Segunda: O prazo de garantía**

O artigo 111.1 LCSP determina que: “La garantía no será devuelta o cancelada hasta que se haya producido el vencimiento del plazo de garantía y cumplido satisfactoriamente el contrato de que se trate, o hasta que se declare la resolución de este sin culpa del contratista”

A cláusula 27 das dos PCA dispón que:

#### **“27. Recepción y plazo de garantía.**

(.../...)

El contrato tendrá un plazo de garantía de un mes a partir de la fecha en que se efectúe el acto formal haciendo constar que se realizaron satisfactoriamente todos los trabajos correspondientes al objeto del lote del contrato.

Transcurrido dicho plazo sin que el Ayuntamiento formulase objeción alguna, quedará extinguida la responsabilidad del contratista.

Si durante el plazo de garantía se acreditara la existencia de vicios, defectos u omisiones en las obligaciones a su cargo o en los trabajos efectuados, el órgano de contratación tendrá derecho a reclamarle al contratista la recuperación del precio satisfecho.

Finalizado el plazo de garantía sin que la Administración hubiera formalizado alguno de los reparos o la denuncia referida, el contratista quedará exento de responsabilidad por la prestación efectuada.

Después de cumplido el objeto del contrato y prestada la conformidad por la Administración, se le dará curso a la cancelación de la garantía definitiva..”

### **Terceira: O informe asinado o 26.01.2024 (CVD: 8vSEWrC5BvIQCUMEXDQZ) polo coordinador de actividades deportivas e culturais**

De conformidade có informe asinado o 26.01.2024 (CVD: 8vSEWrC5BvIQCUMEXDQZ) polo coordinador de actividades deportivas e culturais:

“(../...) Polo tanto, tendo transcurrido o prazo de garantía do servizo/subministración, e a teor do establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, o técnico informante, como responsable do contrato, fai constar:

1.- que non se formula ningunha obxección, polo que pode considerarse extinguida a responsabilidade do contratista e levar a cabo a devolución da garantía definitiva constituída por importe de 472,92 euros. (../...)”

### **Cuarta: Extremos obxecto de comprobación**

- ✓ O informe técnico é favorable á cancelación ou devolución, por transcorrer o prazo de garantía e realizarse a prestación a plena satisfacción.
- ✓ A garantía non está afecta o cumprimento das penalidades impostas ao contratista



- ✓ *A garantía non está afecta o cumprimento de obrigacións derivadas do contrato, gastos orixinados á Administración por demora do contratista no cumprimento das súas obrigacións e dos danos e prexuízos ocasionados á mesma con motivo da execución do contrato ou no suposto de incumprimento do mesmo sen resolución*
- ✓ *A garantía non foi incautada por resolución do contrato*
- ✓ *Non constan ordes de embargo de autoridades xudiciais ou administrativas, sobre créditos pendentes*

#### IV) CONCLUSIONS

Infórmase **favorablemente** a devolución de la garantía depositada en metálico o 17.08.2021 por “Ovejero Sequeiro, S.L.” por importe de 472,92 € correspondente ao LOTE 3 (Serigrafía e sinalización) do contrato mixto de servizos e subministracións correspondentes á montaxe do evento “Open Science Cambre” expediente tedec número 2021/C005/000007.

E para que conste e surta os efectos oportunos, expido e asino o presente informe en Cambre na data que figura na marxe.

A teor do establecido nos arts. 107-111 da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de contratos do sector Público, pola que traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1171/2023 do 4 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1072/2023, do 4 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Devolver a garantía constituída pola empresa adxudicataria “Ovejero Sequeiro, S.L.” para o Lote 3 “Serigrafía e sinalización” do contrato das “Servizos e subministración para a montaxe do evento Open Science Cambre”, Exp: 2021/C005/00007, polo importe de 472,92 euros.

**Segundo:** Notificar este acordo ao interesado e dar traslado do mesmo a Intervención e Tesourería municipais.

De conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior de data 5 de marzo de 2024 (CVD: 115r8EA6SJYdlm8XYDzU), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

**3.3. PROPOSTA RELATIVA Á DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA CONSTITUIDA POLA EMPRESA ADXUDICATARIA LOTE 2 “SUBMINISTRACIÓN DE LOTES DE PRODUTOS DE NADAL” INCLUÍDO NO EXPEDIENTE NÚM. 2021/C005/000010 CORRESPONDENTE AO CONTRATO MIXTO DE SUBMINISTRACIÓNS E SERVIZOS PARA O “DESENVOLVEMENTO DA CAMPAÑA DE DINAMIZACIÓN COMERCIAL DE NADAL 2021-22 DO CONCELLO DE CAMBRE”, EXP: 2021/C005/00010**

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior de data 5 de marzo de 2024 (CVD: 7EXJJtI3QS6CbJnWDZP+), que transcrita di:

**“PROPOSTA DA CONCELEIRA DELEGADA DE ECONOMIA, FACENDA E RÉXIME INTERIOR PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

Visto que con data 26.11.2021 a Xunta de Goberno local adoptou o acordo no que se adjudicou o “Lote 2 – Subministración de lotes de produtos de Nadal” incluído no expediente núm. 2021/C005/000010 correspondente ao contrato mixto de subministracións e servizos para o “Desenvolvemento da campaña de dinamización comercial de Nadal 2021-22 do Concello de Cambre”, en favor da empresa Grupo Disber Siglo XXI, S.L., no prezo ofertado de 8.600,15 euros sen IVE, 9.604,90 euros IVE incluído.

Visto que no antedito expediente depositouse unha fianza definitiva constituída mediante transferencia bancaria, de data 18 de novembro de 2021 por importe de 430,00 euros (núm. de rexistro 1032).

Visto o informe asinado con data do 02.02.2024 (CVD: cG8IT3A9NG0PhLNhyyGJ) polo técnico en Promoción Económica José Luis González Cardalda, no que entre outras cousas sinala que:

“(…)

*Transcorridos o prazo de execución contemplado nos pregos de prescricións e de garantía do contrato correspondente ao lote nº 2 do contrato de referencia e realizadas satisfactoriamente a totalidade das prestacións obxecto de contratación, e considerando que o órgano competente para efectuar a devolución das garantías do presente contrato é a Xunta de Goberno Local, **PROPONSE**,*

**Primeiro.** Aprobar á devolución da garantía definitiva do contrato correspondente ao lote nº 2 “Subministración de lotes de produtos de Nadal” do contrato das “Subministracións e servizos necesarios para o desenvolvemento da campaña de dinamización comercial do Nadal 2021 - 2022”, expediente número 2021/C005/000010, á empresa **Grupo Disber Siglo XXI, S.L.**, ascendendo o importe da devandita garantía á cantidade de 430,00 €, depositada co número de rexistro 1032 e data 18/11/2021 na Tesourería municipal (5% de 8.600,15 €).

**Segundo.** *Dar conta aos servizos económicos municipais aos efectos oportunos.*

*O que se informa aos efectos sinalados en Cambre, na data da súa sinatura electrónica*

*(...)*

Visto o informe de intervención referencia LMR 34/2024 asinado con data do 21.02.2024 (CVD: 7kA3vgTG9BaWgaXOI8Jj), no que entre outras cousas sinala que:

*(...)*

### **III) CONSIDERACIONS**

**Primeira: Responsabilidades a que están afectas as garantías.**

*O artigo 110 da LCSP dispón:*

*“La garantía definitiva únicamente responderá de los siguientes conceptos:*

- a) De la obligación de formalizar el contrato en plazo, de conformidad con lo dispuesto en el artículo 153.*
- b) De las penalidades impuestas al contratista conforme al artículo 192 de la presente Ley.*
- c) De la correcta ejecución de las prestaciones contempladas en el contrato incluidas las mejoras que ofertadas por el contratista hayan sido aceptadas por el órgano de contratación, de los gastos originados a la Administración por la demora del contratista en el cumplimiento de sus obligaciones, y de los daños y perjuicios ocasionados a la misma con motivo de la ejecución del contrato o por su incumplimiento, cuando no proceda su resolución.*
- d) De la incautación que puede decretarse en los casos de resolución del contrato, de acuerdo con lo que en él o en esta Ley esté establecido.*
- e) Además, en los contratos de obras, de servicios y de suministros, la garantía definitiva responderá de la inexistencia de vicios o defectos de los bienes construidos o suministrados o de los servicios prestados durante el plazo de garantía que se haya previsto en el contrato”*

**Segunda: O prazo de garantía**

*O artigo 111.1 LCSP determina que: “La garantía no será devuelta o cancelada hasta que se haya producido el vencimiento del plazo de garantía y cumplido satisfactoriamente el contrato de que se trate, o hasta que se declare la resolución de este sin culpa del contratista”*

*A cláusula 27 das dos PCA dispón que:*

**“27. Recepción y plazo de garantía.**

*(.../...)*

*El contrato tendrá un plazo de garantía de un mes a partir de la fecha en que se efectúe el acto formal haciendo constar que se realizaron satisfactoriamente todos los trabajos correspondientes al objeto del lote del contrato.*

*Transcurrido dicho plazo sin que el Ayuntamiento formulase objeción alguna, quedará extinguida la responsabilidad del contratista.*

Si durante el plazo de garantía se acreditara la existencia de vicios, defectos u omisiones en las obligaciones a su cargo o en los trabajos efectuados, el órgano de contratación tendrá derecho a reclamarle al contratista la recuperación del precio satisfecho.

Finalizado el plazo de garantía sin que la Administración hubiera formalizado alguno de los reparos o la denuncia referida, el contratista quedará exento de responsabilidad por la prestación efectuada.

Después de cumplido el objeto del contrato y prestada la conformidad por la Administración, se le dará curso a la cancelación de la garantía definitiva..”

**Terceira: O informe asinado o 02.02.2024 (CVD: cG8IT3A9NG0PhLNhyGJ) polo técnico en Promoción Económica.**

De conformidade có informe asinado o 02.02.2024 (CVD: cG8IT3A9NG0PhLNhyGJ) polo técnico en Promoción Económica:

“(../...)Transcorridos o prazo de execución contemplado nos pregos de prescricións e de garantía do contrato correspondente ao lote nº 2 do contrato de referencia e realizadas satisfactoriamente a totalidade das prestacións obxecto de contratación, e considerando que o órgano competente para efectuar a devolución das garantías do presente contrato é a Xunta de Goberno Local, **PROPONSE**,

**Primeiro.** Aprobar á devolución da garantía definitiva do contrato correspondente ao lote nº 2 “Subministración de lotes de produtos de Nadal” do contrato das “Subministracións e servizos necesarios para o desenvolvemento da campaña de dinamización comercial do Nadal 2021 - 2022”, expediente número 2021/C005/000010, á empresa **Grupo Disber Siglo XXI, S.L.**, ascendendo o importe da devandita garantía á cantidade de 430,00 €, depositada co número de rexistro 1032 e data 18/11/2021 na Tesourería municipal (5% de 8.600,15 €).

(../...)”

**Cuarta: Extremos obxecto de comprobación**

- ✓ O informe técnico é favorable á cancelación ou devolución, por transcorrer o prazo de garantía e realizarse a prestación a plena satisfacción.
- ✓ A garantía non está afecta o cumprimento das penalidades impostas ao contratista
- ✓ A garantía non está afecta o cumprimento de obrigacións derivadas do contrato, gastos orixinados á Administración por demora do contratista no cumprimento das súas obrigacións e dos danos e prexuízos ocasionados á mesma con motivo da execución do contrato ou no suposto de incumprimento do mesmo sen resolución
- ✓ A garantía non foi incautada por resolución do contrato
- ✓ Non constan ordes de embargo de autoridades xudiciais ou administrativas, sobre créditos pendentes

**IV) CONCLUSIONS**

Infórmase **favorablemente** a devolución do aval constituído en metálico o 18.11.2021 por Grupo Disber Siglo XXI, S.L. para garantir a execución do **LOTE 2** “Subministración de lotes de produtos de Nadal” do contrato

*mixto de subministracións e servizos para o “Desenvolvemento da campaña de dinamización comercial de Nadal 2021 - 22 do Concello de Cambre”, expediente número 2021/C005/000010.*

*E para que conste e surta os efectos oportunos, expido e asino o presente informe en Cambre na data que figura na marxe.*

A teor do establecido nos arts. 107-111 da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de contratos do sector Público, pola que traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1171/2023 do 4 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1072/2023, do 4 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Devolver a garantía constituída pola empresa adxudicataria “Grupo Disber Siglo XXI, S.L.” para o Lote 2 “Subministración de lotes de produtos de Nadal” incluído no expediente núm. 2021/C005/000010 correspondente ao contrato mixto de subministracións e servizos para o “Desenvolvemento da campaña de dinamización comercial de Nadal 2021-22 do Concello de Cambre”, Exp: 2021/C005/00010, polo importe de 430,00 euros.

**Segundo:** Notificar este acordo ao interesado e dar traslado do mesmo a Intervención e Tesourería municipais.

De conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior de data 5 de marzo de 2024 (CVD: 7EXJJtI3QS6CbJnwDZP+), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

**3.4. PROPOSTA RELATIVA Á DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA CONSTITUÍDA PARA O “LOTE Nº 5 “SERVIZO DE SONORIZACIÓN E ILUMINACIÓN PARA A ROMARÍA E PARA AS REPRESENTACIÓNS TEATRAIS PROGRAMADAS NO ANFITEATRO” DURANTE O DESENVOLVEMENTO DA IV ROMARÍA GALAICO ROMANA “GALAICOI” DO CONTRATO MIXTO DE SERVIZOS E SUBMINISTRACIÓNS CORRESPONDENTE Á ORGANIZACIÓN DO MERCADO GALAICO - ROMANO “GALAICOI” E DOTACIÓN DE INFRAESTRUTURAS**



## **NECESARIAS PARA A REALIZACIÓN DA IV ROMARÍA GALAICO ROMANA “GALAICOI” A CELEBRAR NO CONCELLO DE CAMBRE”, EXP: 2019/C004/00012**

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior de data 5 de marzo de 2024 (CVD: pObHQJvaN6RDvBexo5AD), que transcrita di:

### **“PROPOSTA DA CONCELEIRA DELEGADA DE ECONOMIA, FACENDA E RÉXIME INTERIOR PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

Visto que con data 12.07.2019 a Xunta de Goberno local adoptou o acordo no que se adxudicou o “Lote nº 5 “Servizo de sonorización e iluminación para a Romaría e para as representacións teatrais programadas no Anfiteatro” durante o desenvolvemento da IV Romaría Galaico Romana “Galaicoi” do contrato mixto de servizos e subministracións correspondente á organización do mercado galaico - romano “Galaicoi” e dotación de infraestruturas necesarias para a realización da IV Romaría Galaico Romana “Galaicoi” a celebrar no Concello de Cambre”, á empresa “Fluge Galicia S.L.”, no prezo ofertado para o ano 2019, de 4.545,00 euros sen IVE, (5.499,45 euros IVE incluído).

Visto que no antedito expediente depositouse unha fianza definitiva constituída mediante transferencia bancaria, de data 10 de xullo de 2019 por importe de 227,25 euros (núm. de rexistro 893).

Visto o informe asinado con data do 05.02.2024 (CVD: 2TkvmBvRwofs7RClupoy) polo técnico en Promoción Económica José Luis González Cardalda, no que entre outras cousas sinala que:

“(…)

